



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es*

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 11/07/2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.05 horas do día 11 de xullo de 2016; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen-se os seguintes concelleiros:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria acctal. do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

Aberto o acto pola presidencia, tratáronse, de conformidade coa orde do día, os seguintes asuntos:

#### **ORDE DO DÍA**

##### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Cofecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 17 de xuño de 2016.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 17 de xuño de 2016.

##### **2.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AGUAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FRADES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “ABASTECIMENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DE MOAR E AÑÁ”**

O Alcalde procede a dar lectura ó Convenio de Aguas de Galicia co tenor literal que sigue (..)

O Concelleiro José María Pérez Lagos pregunta pola posibilidade de que os veciños utilicen as básculas de forma particular nos puntos limpos.

*Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por unanimidade de tódolos membros,*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **ACORDA:**

**UNICO.-** Aprobar a adhesión ao convenio marco de Convenio de aguas de Galicia para a execución da actuación "Abastecemento da de aguas as parroquias de Moar e Añá"

**" (...) 3.- APROBACIÓN DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE).**

*Polo Alcalde- Presidente do Concello de Frades, dase lectura á proposta da Alcaldía de adhesión ó texto do Convenio Marco de colaboración para a xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE), co tenor literal que sigue:*

Señor:

Mediante este documento formalizo a adhesión do municipio que presido ao Convenio marco de colaboración asinado, o día [\*\*\*] entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as entidades xestoras de sistemas integrados de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos o ámbito de actuación dos cales inclúe o territorio de Galicia, co fin de garantir o cumprimento do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, e demais normativa de aplicación.

De conformidade coa cláusula quinta do Convenio marco de colaboración referido anteriormente, achegamos o presente escrito o acordo expreso de adhesión adoptado polo Pleno do concello, así como o formulario normalizado relativo aos datos do punto de recollida municipal.

Atentamente,

O alcalde

- Declara que a entidade local que preside se adhire por primeira vez ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e os SIX de RAEE. (Neste caso, deberá cubrir, integramente, os formularios adxuntos).

*Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno, por unanimidade de tódolos membros,*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

### ACORDA:

**UNICO.-** Aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE)

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as 14.25 h, de todo o cal, eu, a secretaria dou fe.

